



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA:

VALORES

CURSO:

6º EP

ANO ACADÉMICO:

2020/21

ÍNDICE

1. CONTEXTO	3
2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	6
3. METODOLOXÍA PRESENCIAL.....	9
4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL	11
5. AVALIACIÓN	11
6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO	
DAS COMPETENCIAS CLAVE	26
7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	33
8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	34
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	35
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	36

1. CONTEXTO

- **CENTRO:**

Situación:

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria Humberto Juanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acoollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

Centro adscrito:

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP Humberto Juanes.

Ensinanzas que oferta:

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumnado pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

Características singulares:

Programas nos que participamos:

- E-dixgal
- Aula virtual
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

- **ALUMNADO**

Poboación inmigrante:

No último ano recibimos varias matrículas procedentes de Sudamérica sobre todo de Venezuela, URUGUAY e Brasil. No caso de 6º de primaria, temos alumnado de Vietnam, Uruguay, Cabo Verde, unha alumna procedente da comarca do Salnés que se incorporou a comezos do curso pasado e un alumno que procede de Madrid e se incorporou neste curso. En total son 44 alumnos matriculados en sexto nivel.

Alumnado con NEAE no curso actual:

O ACNEAE do nivel destacan sobre todo problemas de aprendizaxe (8 casos), TDAH (4 casos) e problemas de conducta (1 caso).

O alumnado é atendido, tanto dentro como fóra da aula de referencia, pola especialista de PT. Grazas a este apoio en cada titoría pódese dar unha maior resposta educativa a todo o alumnado diagnosticado .

Outras características:

- **OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO**

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

O ano pasado traballáronse todos os estándares da área.

2.2 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS	Temporalización	
		Mes	Número de sesións
		9 ao 12	
UNIDADE 1 SEI COMO SON E TOMO O CONTROL	<p>B1.1. O autoconcepto. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo</p> <p>B1.2. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.</p> <p>B1.3. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora. A automotivación.</p> <p>B1.4. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade en si mesmo e en si mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. Tolerancia á frustración.</p>	Aproximadamente 7-8 sesións para cada unidade traballada.	
UNIDADE 2 TOMO AS MIÑAS DECISIÓNS	<p>B1.5. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. Causas e consecuencias das acción propias. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.</p> <p>B1.6. A iniciativa. O emprendemento. A autoproposta de desafíos. A importancia da iniciativa privada na vida económica e social.</p> <p>B2.3. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.</p>		

2ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS	Temporalización	
		Mes	Número de sesións
		1 ao 3	
UNIDADE 3 FALAMOS	<p>B2.5. A intelixencia interpersonal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.</p> <p>B3.5. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.</p> <p>B3.10. Convivencia pacífica en sociedade e valores nos que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura de paz. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a convivencia e o benestar dos grupos sociais.</p> <p>B3.11. Formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades.</p> <p>B3.12. Feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade. Análise destes feitos.</p> <p>B3.17. Principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española.</p>	Aproximadamente 7-8 semanas para cada unidade.	
UNIDADE 4 SON UNHA PERSOA XUSTA	<p>B2.6. Os estereotipos. As consecuencias dos prexuízos. Desenvolvemento de actitudes de solidariedade ante problemas e necesidades das persoas máis desfavorecidas.</p> <p>B2.7. Identificación, axuízamento crítico e rexeitamento das situacións de marxinação, discriminación e inxustiza social.</p> <p>B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas.</p> <p>B3.7. O altruísmo. A responsabilidade social e a xustiza social. Identificación e análise crítico das causas que provocan situación de marxinação, de discriminación e de inxustiza social. Protección e amparo das persoas máis desfavorecidas.</p> <p>B3.14. Sensibilidade e respecto polos costumes, valores morais e modos de vida distintos aos propios.</p> <p>B3.15. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.</p>		

3ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS	Temporalización	
		Mes	Número de sesións
		4 ao 6	
UNIDADE 5 RESOLVEMOS CONFLICTOS	<p>B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos.</p> <p>B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.</p> <p>B3.9. Conceptualización do dilema moral. Resolución de dilemas morais.</p>	Aproximadamente 7-8 semanas para cada unidade.	
UNIDADE 6 CIDADÁN DO MUNDO	<p>B3.8. Os dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. A análise de feitos discriminatorios: maltrato. Exclusión de minorías étnicas, os campos de concentración, o holocausto. Os dereitos e deberes do alumnado.</p> <p>B3.13. Dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e de opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.</p> <p>B3.16 Os valores sociais e a democracia. Os principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española. Dereitos e deberes. Características que debe posuír unha sociedade democrática.</p> <p>B3.18. Os servizos públicos e bens comúns. Defensa, identificación, aprecio, respecto e coidado dos bens comúns e dos servizo públicos: contribución da cidadanía a través dos impostos. A responsabilidade social. A xustiza social.</p> <p>B3.19 Fontes de enerxía renovables e non renovables. Identificación das actitudes e estratexias individuais e colectivas de consumo enerxético responsable.</p> <p>B3.20. Rutinas individuais para mellorar a calidade de vida. Reflexión sobre as posibilidades de cambio.</p> <p>B3.23. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar e doméstico.</p> <p>B3.24. Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade.</p> <p>B3.25. Os primeiros auxilios</p> <p>B3.27. O consumo responsable. Identificación de actitudes e estratexias persoais e colectivas de consumo responsable.</p> <p>B3.28. A publicidade e as súas técnicas. Influencia nos hábitos de consumo.</p> <p>B3.30. Busca, selección, análise e elaboración de informacións en relación cos accidentes de tráfico.</p> <p>B3.32. Identificación de actitudes e estratexias individuais e colectivas de prevención de riscos viarios</p>		

3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

- **Aspectos xerais:**

Este curso 2020/2021 continúaase no nivel de sexto co **proxecto E-DIXGAL**. Aínda que o noso alumnado xa traballou con este proxecto o curso anterior, e non é un aspecto completamente novidoso, a adquisición de destrezas neste ámbito quedou incompleta co confinamento do curso pasado, polo que ao comezo de ste curso destínase certo tempo a explicar ou lembrar determinados aspectos que poden ser útiles tanto nun ensino presencial como a distancia: entrega de tarefas, conversión de arquivos, manexo de LibreOffice, etc.

- **Estratexias metodolóxicas**

Cada alumno levará todos os días o equipo para realizar tarefas extraescolares e estudar na súa casa e traerá todos os días o equipo cargado para poder seguir as clases no centro. As familias responsabilizaranse do correcto uso dos equipos e a súa custodia tal como queda recollido no marco deste proxecto.

Porén, sen esquecer que o noso alumnado está aínda na etapa da Educación primaria e ten que desenvolver destrezas básicas para as aprendizaxes presentes e futuras, e tomando como punto de partida as indicacións recollidas no marco lexislativo vixente, a programación docente desenvolverase a través dunha metodoloxía activa e participativa, na que o alumno ocupa un lugar central no proceso de ensino-aprendizaxe.

Procurarase fomentar unha aprendizaxe baseada na **manipulación, a aprendizaxe cooperativa, a teoría das intelixencias múltiples e aprender a pensar**.

- **Aprendizaxe partindo da manipulación:** utiliza a manipulación de distintos materiais para chegar á abstracción dun contido desde o concreto.
- **Aprendizaxe cooperativa:** propón un conxunto de actividades que propicien a interacción da persoa-colectivo co medio, cos seus pais ou co docente.
- **Teoría das intelixencias múltiples:** busca adquirir destrezas vinculadas ao desenvolvemento natural e real das situacións cotiás para conseguir capacidades que lle proporcionan ao individuo flexibilidade e creatividade á hora de se enfrontar a novos retos.
- **Aprender a pensar:** mostra numerosas formas de lograr a mellora do proceso de “pensar”. O obxectivo final é a aprendizaxe real, a profunda e significativa, a transferible a outras facetas da vida cotiá. Isto é posible co bo manexo do pensamento analítico, crítico e creativo.

Ademais das anteriores estratexias metodolóxicas, potenciarase no alumnado a mecanización das ferramentas básicas nas diferentes áreas, a través de diferentes exercicios adaptados ás necesidades de cada alumno, a través de fichas ou de propostas das titoras no propio caderno do alumno.

- **Exemplo de secuenciación de traballo na aula**

O modelo de actividades que se propoñen nesta programación a través das unidades didácticas son variadas para dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe do alumnado e facilitarlle a adquisición dos diferentes tipos de contidos. Son motivadoras para despertar o interese e manter a atención. Desenvolveranse actividades de diferente tipoloxía: ➡ de iniciación - motivación, ➡ de explicitación de coñecementos previos (sérvenos de avaliación inicial), ➡ de reestruturación de ideas, ➡ de automatización das aprendizaxes, ➡ de desenvolvemento ou aplicación de novas ideas, ➡ de revisión ou repaso, ➡ de reforzo ou recuperación, ➡ de ampliación e de avaliación.

- **Outras decisións metodolóxicas:**

Utilizaremos a cotío a meditación como medio para desenvolvemento do alumnado, para coñecerse a si mesmo e saber afrontar os problemas que surden do día a día.

- **Agrupamentos:**

Para desenvolver estas técnicas de aprendizaxe, será necesario agrupar aos alumnos en función do momento e da necesidade, e poderanse dispoñer de distintos modos, sempre tendo en conta as recomendacións sanitarias:

- Gran grupo
- Pequenos grupos: “equipos” (esta será a disposición do alumnado predominante durante todo o curso coa finalidade de desenvolver o traballo cooperativo).
- Parellas
- Individualmente

- **Tempos:**

A área de Valores Sociais e Cívicos conta con 1 sesión no horario semanal.

- **Espazos:**

As clases de Valores Sociais e Cívicos terán lugar fundamentalmente na aula, se ben estarán abertas á súa realización nalgunha outra zona do colexio.

4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

- **Plataforma de ensino:**

Ao estar inmersos neste proxecto, empregaremos co alumnado de 6º a plataforma EVA- Edixgal.

- **Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia:**

Para as videoconferencias, empregaremos a plataforma CiscoWebex.

- **Plataforma/medio de comunicación coas familias:**

Para a comunicación coas familias empregaremos a plataforma CiscoWebex, a aplicación Abalar Móbil, o noso correo corporativo e, de ser o caso, algunha chamada telefónica..

- **Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:**

O alumnado con conectividade accederá á plataforma EVA-Edixgal, na que se irán subindo os contidos, as explicacións e as tarefas ou recursos educativos necesarios en cada momento.

Os exercicios ou tarefas faranse de xeito online, podendo corríxilos a mestra telematicamente, ou ben enviando arquivos a través da modalidade “tarefa”.

- **Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade:**

O alumnado sen conectividade accederá á plataforma EVA-Edixgal na súa versión Offline, a través da cal xa descargou previamente na aula varios temas e arquivos PDF por se nos sorprendía un confinamento.

Os exercicios faranse de xeito offline, a través da modalidade de exercicios autocorrixibles. De ser preciso, faránselle chegar ao alumno/a outros materiais (fotocopias, un pendrive con máis temas descargados...).

5. AVALIACIÓN

- **AVALIACIÓN INICIAL**

Data prevista de realización:

Ao longo das primeiras semana de clase.

Tipo de proba (descripción):

Proba oral e chuvia de ideas.

Mecanismo para informar ás familias dos resultados:

Abalar móbil.

Consecuencias dos resultados das probas:

Cofecer o punto inicial de cada un dos alumnos e alumnas, para desenvolver mellor o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

- **AVALIACIÓN CONTINUA**

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

Non realizaremos probas escritas, xa que avaliación realizarase principalmente mediante o rexistro anecdótico do traballo diario do alumnado.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

Segundo os estándares traballados nas diferentes probas o peso da mesma poderá variar dun trimestre a outro.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información

A avaliación levarase a cabo empregando instrumentos como listas de control, rúbricas, observación directa... tendo como guía a adquisición dos estándares de aprendizaxe recollidos nesta programación.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

Farase unha media numérica da avaliación dos estándares e o seu peso dentro de cada trimestre,

- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS 6º (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA: 20%							
VSCB1.1.1. Explica o valor da respectabilidade e da dignidade persoal.	X			Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación: Lista de control Rexistro anecdótico Diario de clase Intercambios orais Traballos escritos	Explica que é a dignidade persoal.	1%	CSC CCL
VSCB1.1.2. Actúa de forma respectable e digna.	X	X	X		Actúa con respecto.	2%	CSC CSIEE
VSCB1.1.3 Coñece e asume os rasgos característicos da súa personalidade, poñéndoos de manifesto asertivamente.	X	X	X		Exprésase con asertividade conforme á súa personalidade.	1%	CAA CCL
VSCB1.2.1. Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva.	X	X	X		Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva.	1%	CAA
VSCB1.2.2. Describe o valor da reestruturación cognitiva e a resiliencia.	X	X	X		Describe o valor da resiliencia.	1%	CCL CSIEE

VSCB1.2.3 Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e á resolución de conflitos.	X	X	X		Aplica o autocontrol na resolución de conflitos.	2%	CSC CSIEE
VSCB1.2.4. Expressa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	X	X	X	Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación: Lista de control Rexistro anecdótico Diario de clase Intercambios orais Traballos escritos	Respecta aos demais nas actividades cooperativas.	1%	CSC CSIEE CCL
VSCB1.3.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.	X	X	X		Traballa en equipo asumindo as responsabilidades propias e dos demais.	2%	CSC CSIEE
VSCB1.3.2. Explica razóns para asumir as súas responsabilidades durante a colaboración.	X	X	X		Razoa a importancia da responsabilidade durante a colaboración.	1%	CSC CCL CSIEE
VSCB1.3.3. Xera confianza nos demais realizando unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	X	X	X		Autoavalía a execución das tarefas con responsabilidade.	1%	CSC CAA CSIEE
VSCB1.4.1. Propón alternativas á resolución de problemas sociais.	X	X	X		Propón diferentes alternativas na resolución de problemas.	1%	CSC CSIEE
VSCB1.4.2. Sabe facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.	X	X	X		Esfórzase en superar o medo ou o fracaso.	1%	CSC CSIEE
VSCB1.5.1. Emprega o pensamento consecuencial para tomar decisións éticas.	X	X	X		Valora as consecuencias na toima de decisións éticas.	1%	CSC CSIEE

VSCB1.5.2. Identifica vantaxes e inconvenientes dunha posible solución antes de tomar unha decisión ética.	X	X	X		Analiza vantaxes e inconvenientes dunha decisión.	1%	CSC CSIEE
VSCB1.6.1. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais . VSCB1.6.2. Identifica, define problemas sociais e cívicos e implanta solucións potencialmente efectivas .	X	X	X		Leva a cabo proxectos creativos sobre valores sociais.	1%	CSC CSIEE CCEC
VSCB1.6.2. Identifica, define problemas sociais e cívicos e implanta solucións potencialmente efectivas.	X	X	X		Identifica problemas sociais e propón solucións efectivas.	1%	CSC CAA CSIEE
VSCB1.6.3. Razona a importancia da iniciativa privada na vida económica e social.			X		Valora a importancia da iniciativa privada.	1%	CSIEE
BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS: 30%							
VSCB2.1.1. Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe.	X	X	x	Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación: Lista de control	Dialoga comprendendo as opinións dos demais.	2,5%	CCL CSC
VSCB2.1.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.	X	X	X		Realiza actividades cooperativas respectando as normas.	2%	CCL CSC CSIEE

VSCB2.1.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse.	X	X	X	Rexistro anecdótico Diario de clase Intercambios orais Traballos escritos	Colabora en proxectos grupais con respecto.	2,5%	CAA CSIEE CSC CCL
VSCB2.2.1. Comparte sentimentos durante o diálogo.	X	X	X		Comparte sentimentos durante o diálogo.	2%	CCL CSC CSIEE
VSCB2.2.2. Utiliza os elementos que contribúen ao diálogo.	X	X	X		Utiliza os elementos que contribúen ao diálogo.	2%	CCL CSC
VSCB2.3.1. Emprega a linguaxe positiva.	X	X	X		Emprega a linguaxe positiva.	2%	CCL CSC
VSCB2.3.2. Autoafírmase con respecto.	X	X	X		Autoafírmase con respecto.	2,5%	CCL CSC CSIEE
VSCB2.4.1 Infire e dá o sentido adecuado á expresión dos e das demais.	X	X	X		Infire e dá o sentido adecuado á expresión dos e das demais.	2%	CCL CSC
VSCB2.4.2.utiliza correctamente as estratexias de escoita activa: clarificación, parafraseo, resumo, reestruturación, reflexo de sentimentos.	X	X	X		Realiza unha correcta escoita.	2%	CCL CSC CSIEE

VSCB2.5.1. Interacciona con empatía.	X	X	X		Interacciona con empatía.	2%	CSC CCL CSIEE
VSCB2.5.2. Sabe contribuir á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.	X	X	X		Facilita a cohesión dos grupos.	2%	CSC CSIEE
VSCB2.6.1. Analiza os problemas que orixinan os prexuízos sociais.		X			Analiza os prexuízos sociais.	2%	CSC CSIEE
VSCB2.6.2. Expón razoadamente as consecuencias dos prexuízos sociais para as persoas do contorno social próximo.		X			Analiza as consecuencias dos prexuízos sociais.	2,5%	CCL CSC CCEC
VSCB2.6.3. Detecta e axuíza criticamente prexuízos sociais detectados no seu contorno próximo expresando as conclusións en traballos creativos.		X			Detecta prexuízos sociais.	2%	CCL CCEC CSC CD CAA
Bloque 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS: 50%							
VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.	X	X	X		Leva a cabo actividades en grupo.	2%	CSC CSIEE

VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	X	X	X		Mantén unha actitude positiva durante as interaccións.	0,7%	CSC CSIEE
VSCB3.2.1. Aмосa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	X	X	X		Ofrece e acepta a axuda para aprender.	0,7%	CAA CSIEE CSC
VSCB3.2.2. Recorre ás estratexias de axuda entre iguais.	X	X	X		Manexa estratexias de axuda entre iguais.	0,7%	CAA CSIEE CSC
VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	X	X	X	Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:	Traballa en equipo respectando as regras.	2%	CSC
VSCB3.2.4. Emprega destrezas de interdependencia positiva.	X	X	X		Lista de control	VSCB3.2.4. Emprega destrezas de interdependencia positiva.	0,7%
VSCB3.3.1. Explica o concepto de norma.	X			Rexistro anecdótico	Explica o concepto de norma.	0,7%	CCL CSC
VSCB3.3.2. Infíre a necesidade das normas da súa comunidade educativa	X			Diario de clase	Recoñece a necesidade de normas.	0,7%	CAA CSC
VSCB3.3.3. Participa na elaboración das normas do colexio.	X			Intercambios orais	Participa na elaboración das normas do colexio.	0,7%	CCL CSC CSIEE
				Traballos escritos			

VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar.	X	X	X		Respecta as normas do centro escolar.	0,7%	CSC
VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo.	X	X	X		Resolve os conflitos de modo construtivo.	2%	CSC CSIEE
VSCB3.4.2. Sigue as fases da mediación en situacións reais e simulacións.	X	X	X		Aplica técnicas da mediación en situacións reais e simulacións.	0,7%	CSC CSIEE
VSCB3.4.3. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais.	X	X	X		Utiliza unha linguaxe positiva.	0,7%	CCL CSC
VSCB3.4.4. Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito.	X	X	X	Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación: Lista de control Rexistro anecdótico Diario de clase Intercambios orais	Analiza os diferentes puntos de vista nun conflito.	0,7%	CSC CSIEE
VSCB3.5.1. É capaz de sensibilizar sobre causas altruístas realizando exposicións orais sobre o seu valor e cometidos.			X		Expón con sensibilidade accións altruístas.	0,7%	CCL CSC CSIEE
VSCB3.5.2. Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa.			X		Colabora en causas altruístas.	0,7%	CSC CSIEE
VSCB3.6.1. Realiza xuízos morais de situacións escolares.	X	X	X		Realiza xuízos morais de situacións escolares.	0,7%	CSC CSIEE

VSCB3.6.2. Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas.	X	X	X	Traballos escritos	Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais.	0,7%	CSC CSIEE
VSCB3.7.1. Expresa o que é un dilema moral.		X			Expresa que é un dilema moral.	0,7%	CSC CCL
VSCB3.7.2. Realiza xuízos morais	X	X	X		Realiza xuízos morais.	0,7%	CSC CSIEE
VSCB3.7.3. Analiza e resolve dilemas morais en situacións reais e simuladas.	X	X	X		Resolve dilemas morais.	0,7%	CSC CSIEE
VSCB3.7.4. Resolve dilemas morais en relación a prexuízos relativos ás diferenzas culturais .		X			Resolve dilemas respecto a diferenzas culturais.	0,7%	CSC CSIEE
VSCB3.8.1. Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades...		X		Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación: Lista de control Rexistro anecdótico Diario de clase	Analiza formas de discriminación.	0,7%	CSC CSIEE
VSCB3.8.2. Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade.		X			Analiza feitos discriminatorios.	0,7%	CSC CSIEE
VSCB3.8.3. Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar.		X			Detecta prexuízos no contexto escolar.	2%	CSC CSIEE

VSCB3.9.1. Valora e respecta a libre expresión.	X	X	X	Intercambios orais Traballos escritos	Valora e respecta a libre expresión.	0,7%	CSC
VSCB3.9.3. Relaciona diferentes culturas e relixións coas formas de pensamento de persoas pertencentes a elas.		X			Relaciona diferentes culturas.	0,7%	CSC CSIEE
VSCB3.9.4. Analiza, reflexiona e expresa conclusións sobre os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.		X			Reflexiona sobre a liberdade de pensamento e relixión.	2%	CSC CSIEE CCL
VSCB3.10.1. Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.	X	X			Analiza criticamente a falta de igualdade entre sexos.	0,7%	CSC CSIEE
VSCB3.11.1. Axuíza criticamente os valores implícitos en diversas situacións, de acordo cos que constitúen a vida en común nunha sociedade democrática.			X		Analiza criticamente as situacións baseándose nos valores democráticos.	0,7%	CSC CSIEE
VSCB3.11.2. Razona a contribución de diferentes institucións, organizacións e servizos públicos en relación á garantía dos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.			X	Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación: Lista de control Rexistro anecdótico	Valora o papel das diferentes institucións.	2%	CSC CCL
VSCB3.12.1. Explica os dereitos e deberes básicos da Constitución española.	X				Explica os dereitos e deberes recollidos na Constitución.	2%	CSC CCL
VSCB3.12.2. Realiza xuízos morais sinxelos fundamentados .	X	X	X		Realiza xuízos morais.	0,7%	CSC CSIEE

VSCB3.12.3. Participa no benestar do contorno próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.	X	X	X	Diario de clase Intercambios orais	Axuda ao benestar da contorna próxima.	0,7%	CSC CSIEE
VSCB3.13.1. Comprende, valora e expón por escrito o deber da contribución cidadá ao ben da sociedade.		X	X	Traballos escritos	Reflexiona por escrito sobre a contribución cidadá.	0,7%	CSC CCL CSIEE
VSCB3.13.2. Explica a función dos impostos de proporcionar recursos sociais que melloran a calidade de vida dos cidadáns e cidadás.			X		Explica para que son os impostos e a súa importancia.	2%	CSC CCL
VSCB3.13.3. Realiza producións creativas sobre as consecuencias de non pagar impostos.			X		Elabora anuncios sobre as consecuencias de non pagar impostos.	0,7%	CSC CCEC CD CCL CSIEE
VSCB3.14.1. Toma conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía.			X		Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:	Explica os problemas do esgotamento enerxético.	0,7%
VSCB3.14.2. Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía.			X	Lista de control	Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía.	0,7%	CSC CAA
VSCB3.14.3. Realiza traballos creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a saúde e a calidade de vida.			X	Rexistro anecdótico Diario de clase	Realiza traballos sobre a necesidade de manter o aire limpo.	0,7%	CCL CSC CAA

VSCB3.14.4. Expón graficamente argumentos para rexeitar actividades humanas contaminantes.			X	Intercambios orais Traballos escritos	Expón argumentos para rexeitar accións contaminantes.	2%	CSC CD CMCT CCEC
VSCB3.15.1. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.		X	X		Reflexiona sobre accións perigosas para a saúde.	2%	CCL CAA CSIEE
VSCB3.15.2. Coñece as prácticas de primeiros auxilios.		X			Coñece algunha practica de primeiros auxilios.	0,7%	CSC CSIEE
VSCB3.16.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.	X	X	X		Usa eticamente as tecnoloxías.	0,7%	CD CSC
VSCB3.16.2. Analiza e enxúza criticamente os contidos do contorno dixital.	X	X	X		Analiza criticamente os contidos dixitais.	0,7%	CCL CAA CSC
VSCB3.17.1. Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario.		X			Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación: Lista de control	Analiza criticamente a linguaxe publicitaria.	0,7%
VSCB3.17.2. Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos creativos.		X		Elabora traballos sobre a publicidade.		0,7%	CSC CCEC CD

VSCB3.17.3. Realiza exposicións axuizando criticamente hábitos de consumo innecesario.		X		Rexistro anecdótico Diario de clase Intercambios orais	Expón hábitos de consumo innecesario.	0,7%	CSC CCL CCEC CSIEE
VSCB3.18.1. Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación.			X	Traballos escritos	Realiza proxectos sobre as causas dos accidentes de tráfico.	2%	CSC CSIEE CAA
VSCB3.18.2. Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas conclusións.			X		Reflexiona sobre como se poden evitar accidentes de tráfico.	0,7%	CSC CSIEE CAA
VSCB3.18.3. Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico.			X		Expón medidas para evitar os accidentes de tráfico.	0,7%	CSC CCL CSIEE

- **Instrumentos de avaliación:**

Empregaranse para avaliar aqueles que aparecen recollidos nas táboas do apartado anterior.

- **CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO:**

